



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Julio Taboada Pérez
D^a Margarita Estévez Toranzo
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Víctor Cardador González
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Manuel Fernández Areal
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Rubén Frieiro Barros
D. Alberto Gago Rodríguez
D^a. Teresa Geada Geada
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D^a. M^a del Pilar López Vidal
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D^a Ascensión Muñoz del Barrio
D. Alejandro Padín Mariño
D. Luis Pérez Gómez
D. Luis Pérez Gómez
D. Juan Pérez de Obanos Herrero
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
D^a. Antía Rodríguez Nieves
D. Carlos Román Lago
D. Antonio Rotea Villanueva
D^a M^a Elena Sánchez Trigo
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. Federico Vilas Martín
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

DESCULPA A SÚA ASISTENCIA

D. Eusebio Corbacho Rosas

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do dezanove de febreiro de mil novecentos noventa e nove, ás 10.30 horas en primeira convocatoria e ás 11.00 en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 19 de febreiro de 1999**, ás 11.15 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, de Acta de sesión anterior (21.01.99).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de profesorado: Prazas BOE; Profesores visitantes; Transformacións; Comisións de servizo; e Permisos*.
- 4º.- Xuntas de Titulación de "Enxeñería Informática", "Ciencias Empresariais", "Xestión e Administración Pública" e "Ciencias da Actividade Física e do Deporte": Elección de Estudiantes e PAS e nomeamento de representantes de áreas e de dous profesionais de recoñecido prestixio.
- 5º.- Proposta de transformación da "Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB" de Pontevedra en "Facultade de Ciencias da Educación".
- 6º.- Proposta de cambio de denominación da Escola Universitaria de Graduado Social e Relacións Laborais.
- 7º.- Prácticas de Química Física Xeral do curso 1995/96*.
- 8º.- Proposta de normativa para materias de libre elección.
- 9º.- Convocatoria de axudas para proxectos fin de carreira ou teses de licenciatura.
- 10º.- Recoñecemento da dirección de proxectos fin de carreira como actividade docente a efectos de PODs.
- 11º.- Presentación da Memoria da Oficina de I+D do ano 1998.
- 12º.- Nomeamento dos membros da Comisión de Publicacións.
- 13º.- Elección dos membros da Comisión de Biblioteca (sector PAS).
- 14º.- Proposta de modificación dos criterios de establecemento dos canons máximos para as concesións administrativas de cafeterías e comedores.
- 15º.- Aprobación, se procede, dos criterios para a concesión de locais ás asociacións.
- 16º.- Aprobación, se procede, da proposta de colaboración co Ministerio de Xustiza en materia de obxección de conciencia.
- 17º.- Aprobación, se procede, da sinatura do convenio de colaboración coa Universidade Nacional do Sur (Arxentina).
- 18º.- Designación de dous estudantes para asistir ó Encontro de Representantes Universitarios na Universidade Carlos III de Madrid.
- 19º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

No **punto 1**, apróbase a acta da sesión anterior (21-1-1999) despois das modificacións oportunas tras realizar unha votación co seguinte resultado:

- a favor: 35 votos
- en contra: 0 votos
- abstencións: .2 votos

No **punto 2**, o Rector informa:

a) Sobre a próxima sinatura de convenios coa Deputación de Pontevedra e Caixa Pontevedra para a realización dos cursos da Universidade Menéndez Pelejo.

b) En relación coas novas titulacións, está pendente o nomeamento do Decano Comisario en Pontevedra, quen será o encargado de poñer en marcha a licenciatura en Ciencias da Actividade de Física e do Deporte.

c) A remodelación de competencias no equipo de goberno, que quedará do seguinte xeito: os temas relativos a Bibliotecas e Servizo de Publicacións que antes dependían do Vicerrectorado de Planificación, pasarán a ser competencia do Vicerrectorado de Investigación.

d) Sobre a retirada do punto 12 da orde do día referente ó nomeamento dos membros da Comisión de Publicacións.

e) En último termo informa que a Comisión de Extensión Universitaria, acordou, dentro da convocatoria de axudas de extensión universitaria, a seguinte distribución de fondos.

-Cursos de Extensión: Quince millóns (15.000.000 pts).

*Cinco millóns (5.000.000 pts) do acordo coa U.I.M.P.

*Dez millóns (10.000.000 pts) para cursos de Extensión Universitaria.

-Cursos de Normalización Lingüística: Un millón e medio (1.500.000 pts) máis un millón e medio (1.500.000 pts) de subvención da Xunta de Galicia.

-Asociacións: Cinco millóns (5.000.000 pts).

-Cultura e conferencias: (40.000.000 pts) e (16.000.000 pts) que se reparten do seguinte xeito:

*Aulas de Extensión (E. Blanco Amor): 15.000.000 pts.

*Difusión Cultural (Ramón M^a Aller): 26.000.000 pts.

*Creación e Animación Cultural (Rafael Dieste): 15.000.000 pts.

No **punto 3**, no relativo ás prazas do BOE e máis concretamente a praza da área 590,

departamento T03, o profesor Durany observa que a docencia que aparece na proposta é da titulación superior, e tratándose dunha praza de Titular de Escola Universitaria, debería incluírse algunha materia da diplomatura.

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor quere deixar constancia nesta acta do seu desacordo polo feito de que nos anteriores 4 anos se denegase a saída a concurso destas prazas e que na actualidade se cambiase este criterio.

O rector propón que esta praza se retire ata a seguinte Xunta de Goberno co fin de poder estudar a fondo a documentación.

O final retírase esta praza e apróbase o resto delas por asentimento:

H02	567	CAT-UN	Vigo	- - -
T03	545	CAT-UN	Vigo	- - -
C02	240	TIT-UN	Ourense	Díaz Raviña, Montserrat
C08	755	TIT-UN	Ourense	Mejuto Fernández, Juan Carlos
T02	535	TIT-UN	Vigo	González Estévez, Emilio
T03	600	TIT-EU	Vigo	De la Torre Fraga, Daniel
T08	385	TIT-UN	Ourense	Tovar Rodríguez, Clara Asunción
T08	395	TIT-UN	Ourense	- - -
T12	800	TIT-UN	Vigo	Mosquera Nartallo, Carlos
T12	800	TIT-UN	Vigo	González Prelicic, Nuria
X09	650	TIT-UN	Vigo	Pardo Froján, Juan E.

Apróbase por asentimento a contratación dos seguintes profesores visitantes:

- D^a M^a Teresa Eibe García, coa categoría de TIT-UN, para o 2º cuadrimestre,
- D. Manuel Calaza Cabanas, coa categoría de TIT-EU, para o 2º cuadrimestre,
- D. José Eugenio López Periago, coa categoría de TIT-UN, para o 2º cuadrimestre, e
- D. Manuel Arias Estévez coa categoría de TIT-UN, para o 2º cuadrimestre.

Engádesse á documentación presentada a solicitude de transformación de Ana M^a Pereira Rodríguez de AS0-T2 TC a PP2 e apróbanse todas por asentimento:

C08	765	Fall Diop, Yagamare,	de PP1 a PP2
C09	760	Pérez Lourido, Paulo A.	de AXU-UN1 a PP2
H01	260	Fernández Oliveira, M ^a Luisa	de PP1 a TIT-UN(I)
H03	370	Navaza Blanco, Gonzalo	de ASO-T3 T a TIT-UN(I)
H06	814	Pereira Rodríguez, Ana M ^a	de ASO-T2 TC a PP2
T05	065	Pérez Pérez, Carmen	de PP2 a TIT-UN(I)
T06	705	Sánchez Fernández, José M ^a	de AXU-UN1 a PP2
T10	595	Varas Mérida, Fernando	de PP1 a TIT-UN(I)
X06	225	Chamorro Rivas, José M ^a	de PP1 a PP2
X08	415	Martín Moreno, José M ^a	de PP1 a PP2

As comisións de servizo apróbanse todas por asentimento:

- á Universidade da Coruña para a profesora D^a Minia Manteiga Outeiro, e
- á Universidade Carlos III de Madrid, para o profesor D. Jesús Primitivo Rodríguez González.

Acórdase a concesión dun permiso solicitado polo profesor D. Santiago Fernández Gómez, por un período de 6 meses (dende o 1.4.99 ó 30.9.99) o cal deberá ser sen retribución por ter gozado xa con anterioridade dun permiso dun ano.

Por último, o Vicerrector explica a solicitude do departamento de Tecnoloxía Electrónica para contratar a dous profesores visitantes con categoría de titular de escola universitaria e di que este tema non figura na documentación xa que a Comisión de Docencia non acadou acordo por considerar que os candidatos propostos non se axustan ós criterios esixidos para este tipo de prazas.

O Rector manifesta que se ben a contratación de profesores visitantes está restrinxida ós que teñan vinculación con outro centro ou universidade non sempre é posible atopar candidatos destas características. Deste xeito unha posibilidade sería flexibilizar a vinculación con outro centro para non ter que recorrer á figura do invitado. Propón que a Comisión de Docencia estudie o tema e proceda a facer unha proposta co fin de tratala na seguinte Xunta de Goberno.

Varios membros da Xunta de Goberno piden que se reparta a documentación referente á solicitude do Departamento de Tecnoloxía Electrónica e que máis tarde, pero dentro desta mesma xuntanza da Xunta de Goberno se tome unha decisión.

Propónse a decisión e continúaase co resto dos puntos.

No **punto 4**, o Vicerrector de Organización Académica recorda a normativa existente sobre elaboración de planos de estudio de novas titulacións e fai a seguinte proposta para a composición das respectivas Xuntas de Titulación:

2º CICLO DE ENXEÑERÍA INFORMÁTICA":

-Representantes da área "Ciencia Computación e Intelixencia artificial": D. Manuel Vilares Ferro (Universidade da Coruña), D. Antonio Blanco Ferro (Universidade da Coruña) e D. Senén Barro Ameneiro (Universidade de Santiago).

-Representante da área "Arquitectura e Tecnoloxía de Computador": D. José Ramón do Allo (Universidade da Coruña).

-Expertos: D. Jorge Bermello (Presidente da Cámara do Comercio de Ourense) e D. José A. Coto (Dtor. dos Servicios Informáticos de Citroen).

-Alumnos/as: D. Rubén Frieiro Barros, D. Juan Pérez de Obanos Herrero, D^a Teresa Geda Geda e D. Alfonso Luis López Otero.

-PAS: D. Guillermo de Oca Cancela e D. Luis Pérez Gómez.

"2º CICLO DE LICENCIADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS":

-Expertos: D. Juan Surís Regueiro (Decano da Facultade de Económicas de Vigo) e D. Luis Carrera (Director Xeral de Caixa Ourense).

-Alumnos/as: D. Alfonso Luis López Otero, D. Juan Pérez de Obanos Herrero e D. J. Angel Álvarez Moreira.

-PAS: D. Manuel Fernández Cruz e Luis Pérez Gómez.

"DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA"

-Expertos: D. Juan Luis Paniagua (Dtor. do Instituto de Avaliación e Xestión Pública) e D. Pablo González Mariñas (Profesor da Universidade de Santiago).

-Alumnos/as: D^a M^a Amparo Otero Pérez e D. J. Angel Álvarez Moreira.

-PAS: D. Carlos Mollinedo Lois, D. Manuel Fernández Cruz e D. Antonio Rotea Villanueva.

"LICENCIATURA EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE":

-Representante da área "Educación Física e Deportiva": D. Jesús López Bedoya (Universidade de Granada).

-Expertos: D. Eduardo Lamas (Secretario Xeral para o Deporte) e D. Francisco Seirulo (Asesor Técnico deportivo do C.F. Barcelona).

-Alumnos/as: D^a M^a Amparo Otero Pérez e D. J. Angel Álvarez Moreira.

-PAS: D. Carlos Román Lago e D. Luis Pérez Gómez.

Os alumnos din que os postos vacantes sexan cubertos por alumnos da Xunta de Centro que se transforma. O Rector dilles que os alumnos non poden facer esa proposta e que os alumnos das Xuntas de Centro cubrirán as prazas vacantes con voz. A Asesoría Xurídica indicará a posibilidade de voto para estes últimos.

O profesor Tojo opina que deberían ser consultados os antigos centros.

Os profesores Araujo e Rodríguez Berrocal piden aclaracións sobre a normativa existente.

O profesor Barreiro di que o regulamento podería mellorarse e opina que os alumnos deberían ser das Xuntas de Centros xa existentes. En todo caso manifesta que urxe a elaboración dos correspondentes planos de estudio.

O profesor Mazaira pide coherencia e insta o urxente comezo dos traballos das Xuntas de Titulación.

Os profesores Outes e Tojo consideran que o "curriculum vitae" das persoas propostas deben poñerse en coñecemento da Xunta de Goberno.

O Rector pide aprobación por asentimento e o Sr. Álvarez Moreira pide votación. A continuación procédese a votar:

- a favor: 31 votos
- en contra 0 votos
- abstencións 10 votos

Por conseguinte, queda aprobada a proposta.

O Sr. Álvarez Moreira desexa que conste na acta a súa abstención na votación realizada xa que pensa que os expertos de cada Xunta de Titulación deben ser profesionais de recoñecido prestixio en cada ámbito e non persoal académico-universitario xa que o ámbito académico está suficientemente representado na Xunta de Titulación.

No **punto 5**, o Vicerrector de Organización Académica e o Director da Escola de E.X.B. de Pontevedra explican as razóns que levaron a acadar o acordo unánime á Xunta de Escola para solicitar a creación dunha Facultade de Ciencias da Educación na que se dispensen as titulacións de:

Mestre Especialista en Educación Infantil
 Mestre Especialista en Educación Primaria
 Mestre Especialista en Educación Física
 Mestre Especialista en Educación Musical
 Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

O profesor Outes pide que conste na acta que deben respectarse os artigos 25,26 e 27 dos Estatutos.

Apróbase por asentimento a transformación da Escola universitaria de Formación do Profesorado de E.X.B. en Facultade de Ciencias da Educación.

No **punto 6**, a transformación do nome de Escola Universitaria de Graduado Social e Relacións Laborais polo de Escola Universitaria de Relacións Laborais, apróbase por asentimento.

No **punto 7**, o Vicerrector de Organización Académica explica o acordo da COAV, que figura na documentación sobre as prácticas de Química Física Xeral que realizaron uns alumnos da Facultade de Ciencias de Vigo durante o curso académico 1995/96.

Intervén o alumno afectado D. César André Rivas explicando a súa situación e manifestando que entende, que unha vez que lle sexan aprobadas as prácticas, o título de licenciado en Química debe ser expedido con efectos do curso anterior, debéndoselle devolver as taxas que aboou indebidamente.

En relación con este tema o Rector le un escrito do Director do Departamento de Química Física e Química Orgánica que se inclúe como anexo a esta acta (anexo I).

A continuación participa o profesor Eduardo Freijanes, Director do antigo Departamento de Química Pura e Aplicada, responsable da docencia de Química Física no curso 1995/96.

De seguido se abre unha rolda de palabra:

O profesor Cidrás di que a COAV considerou a posibilidade de abrir un expediente

informativo, pero o que urxe é solucionar-lo problema do alumno.

O profesor Berrocal fai unha relación de feitos e considera moi grave que se utilice a sinatura dun acta para impoñer a lei do máis forte.

O profesor Tojo fala de mala fe neste tipo de actuacións en relación co tema das prácticas e di que hai un número excesivo de suspensos nas de Química Física, o que leva consigo un aumento do número de grupos e de profesores invitados. Opina tamén que aínda que se solucione o caso particular deste alumno, o problema persiste e considera suave a proposta da COAV.

O profesor Outes di que debería abrirse unha investigación e opina que o alumno César André debería pedir reparación por danos e perdas á institución.

O Sr. Gómez Soler di que este problema prexudica á institución e ó colectivo de profesores e propón que se abra un expediente ó profesor implicado, que se rectifique o expediente do alumno César André e que se devolvan as taxas pagadas indebidamente. Ademais di que o Rector debería actuar de oficio co resto dos dezasete expedientes de alumnos afectados.

O profesor Reigosa está de acordo coa proposta da COAV e manifesta que o que urxe é solucionar-lo problema deste alumno, incluíndo a devolución de taxas e o cambio de data de expedición do título. Opina que calquera outra proposta debe pospoñerse e sinala ademais que este problema podería suxerir unha modificación no Regulamento de Profesorado.

O profesor Rodríguez Berrocal pide ó Rector que o tema non termine unha vez arranxados os problemas particulares do alumno César André e que se xan tomadas as medidas oportunas.

O profesor Outes pide ó Rector que na próxima Xunta de Goberno informe dos pasos dados neste tema.

O Rector indica que se compromete a informar dos pasos dados neste tema para que isto non volva a ocorrer.

Apróbase por asentimento a proposta da COAV:

- "que a relación de alumnos presentada por profesores do Dpto. "Química Pura e Aplicada", é de abondo para considerar que os mesmos aprobaron as prácticas correspondentes a dita materia";

- "que polo anterior, a cualificación que corresponderá será un 5 ou un 1 (dependendo da normativa a escoller), que se comunica ó Dpto. "Química Física e Química Orgánica", tal como foi solicitada polo seu Director, para darlle traslado ó profesor responsable e proceder a cualificar ó alumno que supere ou teña superada a parte teórica da materia".

No **punto 8**, o Vicerrector de Organización Académica explica a proposta da normativa sobre materias de libre elección.

O profesor Durany pregunta ó Vicerrector se o procedemento recollido na devandita normativa é tecnicamente posible, ó que este lle contesta que os servicios informáticos e de alumnado están xa a traballar para que así sexa.

O profesor Gil Villanueva pregunta se quedan reservadas prazas para os que suspenderon o ano anterior e o Vicerrector de Organización Académica respóndelle afirmativamente.

A citada normativa apróbase por asentimento.

No **punto 9**, o Vicerrector de Docencia e Alumnado informa que a proposta foi aprobada por unanimidade na Comisión de Estudiantes.

A convocatoria de axudas para proxectos fin de carreira ou teses de licenciatura apróbase por asentimento.

No **punto 10**, o Vicerrector de Docencia e Alumnado explica que a realización de proxectos fin de carreira é unha actividade obrigatoria en certas titulacións que leva consigo unha dedicación docente e o seu conseguente esforzo por parte dos profesores que non está sendo recoñecida nen valorada. Este feito motiva esta proposta para recoñecer como actividade docente a dirección de proxectos de fin de carreira.

Os profesores Rodríguez Berrocal e Tojo Suárez opinan que este tema debe englobarse dentro do conxunto de exencións por dirección de todo tipo de traballos de investigación (tesinas e teses) e por docencia en tercer ciclo.

O profesor Barreiro está de acordo coa filosofía exposta e recorda que o regulamento que figura no artigo 209 dos Estatutos está sen elaborar e pide que conste na acta a necesidade de facelo.

O profesor Durany di que a dirección de proxectos fin de carreira é un tema docente e non de investigación xa que vén imposto polos planes de estudos e engade que a dirección de teses xa ten un recoñecemento para o seu director pois repercute nas publicacións, sexenios etc.

O Vicerrector de Docencia e Alumnado recorda que o proxecto fin de carreira é obrigatorio e non voluntario como as tesinas ou as teses. Informa de que na actualidade estanse a elaborar uns trescentos proxectos fin de carreira que de saír adiante esta proposta equivaldrían en termos económicos a dez profesores a tempo completo. Se ben esta proposta non resolve tódalas situacións de posibles exencións non hai razón para demoralala.

O profesor Fernández Areal lembra que aínda que o proxecto fin de carreira é obrigatorio, non está recoñecida a obriga dos profesores a dirixilo e por iso considera positivo o recoñecemento en termos de POD da dirección dos proxectos fin de carreira.

O profesor Cidrás expón que o alumno ten que matricularse e pagar taxas pola realización do proxecto de fin de carreira polo que non está de acordo co termo "exención" xa que é docencia regrada.

O profesor Tojo di que se a dirección do proxecto de fin de carreira conta como docencia, non debe facelo como produción científica, ó que o Vicerrector de Docencia e Alumnado responde que, efectivamente, ten que ser así.

O profesor Rodríguez Berrocal cre que de ser dese xeito debería incluírse no POD.

Finalmente, e en relación con este punto dez, sométense a votación dúas propostas:

1ª.- Aproba-la normativa tal como vén na documentación.

2ª .- Pospoñe-lo tema ata que se debata dentro do conxunto de exencións docentes.

O resultado trala votación é o seguinte:

- a favor da primeira proposta:	24 votos
- a favor da segunda proposta:	3 votos
- abstencións:	3

Por conseguinte, apróbase a proposta primeira.

No **punto 11**, o Vicerrector de Desenvolvemento e Transferencia di que se presenta a Memoria da Oficina I+D do ano 1998 en Xunta de Goberno ó abeiro do establecido no Regulamento de Cursos e Convenios. Aclara ademais cuestións formuladas polos profesores Tojo e Durany sobre o cambio de tendencia nos ingresos do ano 1998 e sobre a inclusión dos proxectos FEUGA.

No **punto 12**, aclarar que como xa anunciara o Rector no seu informe, suprímese da orde do día.

No **punto 13**, sobre elección dos membros da Comisión de Biblioteca presentáronse dúas candidatas:

D^a Paz Canduela Martínez
D^a Fernanda Barros Rodríguez

Non é necesario facer votación quedando as dúas candidatas como membros da Comisión de Biblioteca en representación do sector PAS.

O **punto 14**, de modificación dos criterios de establecementos dos canons máximos para as concesións administrativas de cafeterías e comedores, apróbase por asentimento.

No **punto 15**, o Vicerrector de Docencia e Alumnado explica que a proposta que se presenta foi aprobada por unanimidade pola Comisión de Estudiantes.

O Sr. Álvarez Moreira opina que todo o relativo a estudantes e asociacións debería ser levado polo Vicerrector de Estudiantes e non polo de Extensión Universitaria. No que se refire ó texto presentado propón a eliminación da alínea 5.b) e defende a limitación dun local por campus e asociación. Pregunta ademais cales van ser os criterios para ordena-la relación de asociacións e di que os locais deben dotarse das infraestructuras necesarias.

O profesor Tojo di que debe quedar claro o feito de se as asociacións están integradas só por estudantes ou forman parte delas outras persoas.

O profesor Membiela opina que a concesión de locais debe cingirse a asociacións de estudantes.

O Sr. Cardador di que no punto 5 debe substituírse "e/ou" por "ou" e opina que o contido

do apartado 5.b) está incluído no 5.a).

O profesor Durany e o Sr. Rotea, ambos membros da Comisión de Estudiantes, lembran a unanimidade existente no seo da Comisión e opinan que o documento é bo e non exclúe a ninguén.

O Sr. Pérez Betanzos entende que ahi diferencia entre os puntos 5.a) e 5.b).

O profesor Pérez Amor opina que cos criterios reflectidos no documento se prima ós grupos organizados.

O profesor Durany solicita que conste na acta o seu malestar como membro que é da Comisión de Estudiantes polo feito de que un documento aprobado por unanimidade no seo da devandita Comisión, sexa desaprobado polos propios estudantes presentes na Xunta de Goberno.

Unha vez comprobado o quórum, tralo pedimento do Sr. Álvarez Moreira, sométese o texto a votación cambiando na cabeceira do mesmo a expresión "criterios" por "requisitos", por parecer este segundo máis axeitado, obtendo como resultados:

- a favor:	23 votos
- en contra	3 votos
- abstencions	2

Por conseguinte, apróbase o texto co cambio antes mencionado (Anexo II)

No **punto 16**, sobre a proposta de colaboración co Ministerio de Xustiza en materia de obxección de conciencia, o Rector explica que esta contempla dúas prazas por Campus para actividades deportivas e que trátase dun programa provisional que é o mínimo negociado co Inspector Local para por en marcha a Oficina de Voluntariado.

A continuación, concédese a palabra a D. Horacio Villar que fala da historia, composición e actividades da Mesa pola eliminación da prestación social substitutoria; apoia a insubmisión e non entende o sentido deste convenio.

O Sr. Pérez Betanzos quere deixar constancia de que a CIG se ten manifestado repetidas veces en contra do servizo militar civil ou castrense.

O Sr. Álvarez Moreira pide que se aumente o número de prazas.

O Sr. Fernández Cruz expresa o seu desacordo coa proposta de aumento de prazas e anuncia o seu voto en contra.

A continuación intervén o profesor Costas expoñendo que vai votar en contra por coherencia coa súa forma de pensar, xa que di que téndese a coller obxectores por supor estes man de obra barata.

O Sr. Cardador di que os obxectores non deben ser tratados como escravos e cuestiona se o horario de traballo proposto podería quitar un posto de PAS.

O Rector manifesta que velará para que as condicións de taballo sexan dignas.

Procédese a vota-la proposta:

- a favor:	15 votos
- en contra	3 votos
- abstencións	3

Segundo o resultado apróbase a proposta.

Neste momento da Xunta de Goberno retómase a discusión pendente do punto 3 referente ós profesores visitantes solicitados polo Departamento de Tecnoloxía Electrónica:

O Vicerrector de Profesorado recorda que a Comisión de Docencia rexeitou a solicitude deste Departamento polo que o seu Director remitiu un escrito de queixa pola resolución da Comisión á que acusa de lentitude. O Vicerrector non está de acordo con tal acusación e di que á espera de que sexan estudiasdas posibles flexibilizacións desta figura, só cabe acepta-la contratación proposta se se cumpren os actuais requisitos esixidos e que de non ser así debe pensarse noutra figura que permita cubri-los 47,5 créditos que hai que dispensar.

Intervén o profesor Peñalver, Director do Departamento, que entende que as solicitudes cumpren os requisitos actualmente vixentes con respecto ós profesores visitantes e di que o Departamento non podería absorber tantos profesores invitados e pide que sexan visitantes porque, na súa opinión, é a única figura que pode cubrir os créditos necesarios.

O profesor Rodríguez Berrocal manifesta que non comparte tódolos criterios da Comisión de Docencia para a concesión de prazas, pero vai defende-la decisión da Comisión xa que de non ser así se vulneraría a figura de profesor visitante.

O profesor Pérez Amor non entende porqué co POD feito en xuño non se contemplou a posibilidade de Titulares de Universidade (BOE) ou profesores PP1, tendo en conta que o volume de docencia previsto non vai diminuír.

O Rector propón que agora, para cubri-la docencia do mes de marzo, os profesores Sigüenza Rodríguez e Valdés do Campo sexan contratados como invitados e que quede para someter á consideración da Xunta de Goberno do mes de marzo a formulación dunha nova normativa que permita a flexibilización da figura do visitante.

Apróbase por asentimento esta proposta.

No **punto 17**, sobre a sinatura do convenio de colaboración coa Universidade Nacional do Sur, esta Xunta de Goberno apróbaa por asentimento.

No **punto 18**, acórdase que os estudantes Heliodoro Álvarez Conde e Víctor Cardador González asistan ó "Encontro de Representantes de Estudiantes Universitarios" que terá lugar no mes de marzo na Universidade Carlos III de Madrid.

No **punto 19**, rogos e preguntas, preséntanse varios:

- D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BERROCAL:

a) Pregunta porqué no listado de FPI do BOE non están os da Universidade de Vigo. O Vicerrector de Investigación responde que están a punto de saír publicados e que o atraso foi debido a que foron solicitados á Universidade os criterios utilizados.

b) Pregunta se é certo que foi modificado o criterio de exención docente para o cargo de Presidente da Comisión de Doutoramento. O Rector respóndelle que vai ser sometido a aprobación na vindeira Xunta de Goberno.

c) Pregunta pola asignación de remanente e de orzamento para Centros e Departamentos.

- D. **JOSÉ TOJO SUÁREZ**: pregunta polos anticipos solicitados con cargo a proxectos de investigación que aínda non foron resoltos.

- D^a. **M^a DEL PILAR LÓPEZ VIDAL**:

a) Expón o seguinte:

"Quero expresar a miña protesta e a dos membros do Centro que dirixo, manifestada en Comisión Permanente e que recibirá por escrito, respecto á forma en que se procedeu á apertura da Escola:

1º Non existiu unha conversa nin notificación previa escrita, respecto á decisión de abri-la Sala de Lectura da Escola de Empresariais durante o período de exames.

2º A apertura do venres 22 de xaneiro realizouse coa única información dun Xefe de Servicios, en conversacións telefónicas mantidas ese mesmo día a partir das 13 horas. A apertura para ese día era coa condición de que se destinaran dous **VIXILANTES** no Centro para evitar que os posibles usuarios puideran acceder a outras dependencias.

3º O luns 25 de xaneiro atopándome no Rectorado, no despacho do mencionado Xefe de Servicios, o Sr. Xerente tivo tempo de facerme unha visita para dicirme que " era unha decisión do Rector e que polo tanto non facía falta nada máis". Manifesteille a necesidade de que esa decisión quedara por escrito e, aínda sen estar convencido dixo que non había ningún problema niso. Ese mesmo día ás 13:27 horas chegou un fax asinado polo Rector que di textualmente:

" Co obxecto de dar satisfacción á demanda manifestada polos alumnos desta Universidade para dispor dun local de estudo durante a época de exames, este RECTORADO resolve que, para tal finalidade, se destine a zona de lectura da Biblioteca da E.U. de Estudos Empresariais de Vigo en horario de 22:00 horas a 3:00 horas de luns a venres no período comprendido entre o 22 de xaneiro e o 12 de febreiro ámbolos dous incluídos."

4º A partir do día 27 de xaneiro incorporouse á apertura nocturna unha persoa de Biblioteca e outra de Conserxería sen que exista ningunha notificación á dirección da Escola.

Considerando que, de acordo cos Estatutos da Universidade de Vigo, no seu artigo 31,

álnea h) di " son funcións dos centros ós que fai referencia a rúbrica desta Sección 1ª: administra-los servicios e mailos equipamentos do centro", considero que EXISTIU UN TRATAMENTO DE IGNORAR TOTALMENTE Á DIRECCIÓN DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDIOS EMPRESARIAIS DE VIGO RESPECTO Á APERTURA NOCTURNA DA SÚA SALA DE LECTURA.

Ó mesmo tempo quero formular algunhas preguntas a este respecto que considero son importantes:

¿Por que se elixiu este centro?

O Centro, con 2 escaleiras de acceso ás prantas superiores, non ofrece garantías de que algunhas persoas poidan acceder a elas ¿que ten pensado o Sr. Rector se nalgún momento se accede a algunha dependencia que non sexa a Sala de Lectura? ¿Quen é o responsable?

Para os gastos extraordinarios de mantemento deste servicio nocturno ¿vaise contemplar un orzamento adicional?

Ó persoal de Biblioteca e Conserxería que ten a súa xornada laboral polas mañás, de 8 a 15 horas non se lle está respectando o período mínimo de descanso entre xornadas que está establecido con carácter xeral en 12 horas ¿chegouse a algún acordo respecto a este tema ou, sinxelamente chegarán a traballar tendo descansado escasamente 5 horas? Iso repercute no rendemento.

b)Ademais pregunta se se vai tomar algunha medida excepcional para os profesores ós que a finais de setembro lles remata a segunda prórroga para a tese de doutoramento. O Vicerretor de Investigación responde que a Comisión de Doutoramento está traballando no tema, cara á entrada en vigor do novo Decreto sobre estudos de terceiro ciclo.

- D. **VÍCTOR CARDADOR GONZÁLEZ**: roga que se axilicen as obras do parking da ETS de Industriais e que se poñan sinais luminosas de precaución por razóns de seguridade.

- D. **MARIANO PERÉZ-MARTÍNEZ PERÉZ-AMOR**: roga que se corrixa os atrasos de pagamento ós vocais de tribunais e roga que se difunda a información para que os centros implicados poidan opinar sobre o proxecto do edificio de Minas. (O Rector responde que a cantidade do proxecto non é especialmente significativa dentro da contía total e di que en todo caso do proxecto foron informados profesores e alumnos da titulación de Minas.

- D. **CANDIDO PÉREZ BATANZOS**: pide que as posibles aperturas de biblioteca pola noite sexan planificadas con tempo.

-D. **J. ÁNGEL ÁLVAREZ MOREIRA**:traslada os seguintes rogos dos señores Pérez de Obanos e Gómez Soler:

a) J. Pérez de Obanos: En referencia ó problema xurdido na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais sobre o tema da inexistencia dun Regulamento de Cambios de Quenda e a non información no proceso de matriculación do dito centro, a aqueles alumnos ós que non se lles posibilite e ós cales non se respecta o seu pedimento de quenda, que fan constar en matrícula, solicito responda cal será a solución que permita ós ditos alumnos facer valer os dereitos que por matrícula teñen de recibir docencia , e no seu defecto devolución íntegra das súas matrículas, se así o piden. E como solución futura se informe nos seguintes procesos de matrícula a tódolos alumnos dese centro, cal é o regulamento ou a normativa dos cambios de quenda na dita facultade.

b) Alejandro V. Gómez Soler: ¿enviouse a carta ás empresas de transporte que avisei da

caducidade da tarxeta universitaria?. O Rector responde que si.

¿Cal é a situación na actualidade dos novos convenios que se asinaron para a expedición e ampliación e mellora da tarxeta universitaria?

¿Como unha universidade non tecnolóxica como Santiago creou recentemente aulas informáticas de libre acceso para alumnos, dotadas con Internet e correo electrónico para os alumnos que o soliciten, e as aulas informáticas para alumnos de Vigo teñen problemas de acceso a Internet e ningún alumno ten a posibilidade de solicitar conta de correo electrónico persoal?. Responde o Rector que non tardarán en poñerse en marcha.

c) O propio Álvarez Moreira fai os rogos e preguntas que se achegan como anexo III e ademais roga se lle conteste (e sexa sinalado na acta, de xeito somero, o sentido das respostas) ás preguntas que aínda non contestou, ou a resposta dos cales non consta, ou que non foron respondidas por actuacións no tempo, a esta Xunta de Goberno.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 21.00 horas do día 19 de febreiro de 1999 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo